

UNIDADE DIDÁCTICA




O REIÑO DE GALIZA de Victor Hugo



A mediados do século XIX, Victor Hugo inspirouse no rei García de Galiza para escribir a epopea *Le petit roi de Galice*. Grazas ao escritor e tradutor Henrique Harguindey podemos lela traducida a galego. Inspirados por esta tradución, Inacio e Iván Suárez adaptárona á banda deseñada en 2022.

Enriba: portada da BD de Inacio e Iván Suárez.
Á dereita: retrato de Victor Hugo, por Manel Cráneo



QUEN ERA VICTOR HUGO

Resume nunha breve redacción de cinco ou seis liñas a súa biografía, destacando algún trazo importante destas cuestións:


- A súa vida.
- A súa ideoloxía.
- A súa obra literaria.
- O movemento artístico ao que está asociado.

Revisa a fondo a bibliografía de Victor Hugo e marca na seguinte lista que obras son da súa autoría.

Moby Dick
O diario de Greg
Os miserables
A Celestina
O home que ri
A esmorga
Hernani
A illa do tesouro
Viaxe ao centro da Terra
Cousas
Torquemada
Nosa Señora de París
Tom Sawyer

VÍDEO

Visionade na aula o documental *García de Galiza. O fillo da traizón*, dispoñible na web www.demoeditorial.com (na sección de descargas) e tamén na canle de YouTube oficial de Demo Editorial.



O salón de Victor Hugo, por Adrien Emmanuel Marie

COMPRESIÓN

Sobre Victor Hugo e *O reiciño de Galiza*.


- Podes falar do movemento romántico ao que pertence Victor Hugo? Cales son as súas características?
- Que razóns puideron levar a Victor Hugo a inspirarse nun rei galego para escribir *O reiciño de Galiza*?
- Que ten de certo a versión de Victor Hugo?
- Que personaxes son reais e cales son de ficción na obra?

Imaxinemos que somos detectives da historia. Monta un pequeno equipo e pescudade en libros e internet sobre artistas vinculados ao movemento do Romanticismo en Galicia. Cubre os seguintes recadros cos nomes dos que atopas.

PINTURA

MÚSICA

LITERATURA



COMPRESIÓN

Despois de ver o documental *García de Galiza. O fillo da traizón*, pescuda un pouco máis sobre o rei García II e organiza un debate sobre el co alumnado.


SUXESTIÓNS PARA MONTAR O TEU DEBATE:

- Cal foi o reto máis grande ao que tivo que enfrontarse para defender o reino de Galiza?
- Canto durou o seu reinado?
- Quen traizoou o rei García para arrebatarlle o seu reino?
- Como morreu? Tivo descendencia?
- Que pasou co reino de Galiza despois de que lle fose arrebatado? Que cambio político se produciu en Galiza?
- Que pasaría se non chegase a perder o seu reino? Afectaría ao futuro de Galiza como país?
- Son os reinos un modelo de goberno actual? Para que serve a figura dun rei ou reina?

Retrato de García II de Galiza,
por Manel Cráneo



O rei García II estableceu a súa corte nunha vila galega, coñecida hoxe en día pola celebración dun festival de teatro e unha recoñecida feira medieval. Pescuda en internet de que vila se trata e engade o seu nome no lugar que lle corresponda no mapa.




CÓDICES


Na Idade Media, os libros eran manuscritos iluminados; tratábase de libros escritos e ilustrados á man, copia a copia. Isto sucedeu ata a aparición da imprenta inventada por Gutenberg. Afonso de Cartaxena escribiu *Liber genealogiæ regum Hispanie*, onde aparece rexistrada a historia do rei García e a súa familia.



Constrúe a árbore xenealóxica do rei García II de Galiza engadindo os nomes dos seus fillos, de maior a menor. Documentátese con libros e en internet para atopar os datos.



Fala coa túa familia e deseña agora no seguinte recadro a túa árbore xenealóxica, desde os teus bisavós ata a túa xeración.





Liber genealogiæ regum Hispanie, de Afonso de Cartaxena



Do rei García II de Galiza coñécense diversas sinaturas, feitas á man por el mesmo. Unha sinatura cun deseño coidado é un sinal de personalidade propia. As súas, como podes comprobar, utilizan tanto elementos caligráficos da escrita como motivos ornamentais propios da Alta Idade Media. Case que poderíamos falar de antecedente da actual cultura dos graffiti.

Deseña no seguinte recadro a túa sinatura, dándolle un aspecto medieval. Documentátese antes para inspirarte nos motivos decorativos da época.



Sinaturas do rei García de Galiza

ILUSTRACIÓN

O debuxante da banda deseñada *O reiciño de Galiza*, Iván Suárez, inspirouse nas ilustracións dos códices medievais para debuxar a obra.

Imprime esta páxina do libro e dálle cor usando as gamas que se estilaban na Idade Media para conseguir ese aspecto medieval. Podes inspirarte nas *Cantigas de Santa María*, de Afonso X o Sabio.

RECOMENDACIÓNS

- Escoita música medieval ou dalgún compositor do Romanticismo.
- Podes fotocopiar o debuxo ampliándoo a formato A3 para traballar mellor os detalles.

Na seguinte ligazón podes consultar dixitalizado o Códice rico das *Cantigas de Santa María*, conservado na Biblioteca de El Escorial:
<https://rbdigital.realbiblioteca.es/s/rbme/item/11337?c=&m=&s=&cv=&xywh=-3673%2C-313%2C11089%2C6240>




O REICIÑO DE GALIZA A banda deseñada

O proceso creativo da banda deseñada comporta un grande esforzo. O traballo faise en varias fases:

1. Procura do argumento e da documentación sobre o tema que vas a tratar.
2. Escritura de guión.
3. Storyboard/bosquexos.
4. Lapis.
5. Tinta.
6. Rotulación dos textos.
7. Cor.

Desde o paso 2, a orde pode variar, dependendo do proceso de cada creador/a. Esta banda deseñada levou arredor catro meses de traballo, desde a escritura do guión ata a entrega da obra na editorial.

O seguinte paso é o proceso industrial de reprodución do libro. A editora encárgase de maquetalo e deseñalo, revisar os textos e controlar o proceso de impresión e distribución para que chegue ao mercado libreiro.



Proceso de bosquejo, tinta e cor dunha páxina de Iván Suárez

Documéntate sobre un tema da historia de Galiza que che guste e redacta un argumento que logo sirva de base para un posible guión.


O REICIÑO DE GALIZA en imaxes

Diversos autores, da época de Victor Hugo e posteriores, adaptaron a obra a outros medios, interpretando con diferentes estilos a historia e os personaxes. O mesmo Victor Hugo ilustrou a portada da edición orixinal.


Ilustra nunha folia A4 a túa interpretación dalgunha escena de *O reiciño de Galiza*. Podes escoller o rei García, Nuno, Roldán, os sete infantes etc.

RECOMENDACIÓN


Escoita música medieval ou dalgún compositor do Romanticismo para xerar unha atmosfera agradable de traballo mentres creas a imaxe.



Le petit roi de Galice,
por Victor Hugo



Le petit roi de Galice,
por François Nicolas Chiffart



Le petit roi de Galice,
por Eugène Grasset